XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 29 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do PSdG-PSOE (RE 323/2024) en relación á publicación, en "valminortv", da colaboración entre a Xunta de Galicia e as asociacións veciñais de Gondomar.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 24 de xaneiro de 2024, o representante xeral do representante xeral do PSdG-PSOE (RE 323/2024) en relación á publicación, en "valminortv", da colaboración entre a Xunta de Galicia e as asociacións veciñais de Gondomar.

2. O 25 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (RS 666/2024) copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento ao representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (RS 667/2024).

3. Cumprindo o trámite concedido, o 26 de xaneiro de 2024, a Xunta de Galicia formulou alegacións (RE 341), argumentando os motivos polos que considera que os feitos denunciados non infrinxen a normativa vixente de réxime electoral.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

En actos financiados polos poderes públicos non se poderán realizar actuacións que teñan contido electoralista ou se empreguen como campaña de realizacións ou logros obtidos, resultando improcedente polo tanto, que as autoridades ou funcionarios realicen actos ou declaracións nese sentido (Ac. XEC do 8 de xuño de 2016, Ac. XEC do 14 de abril de 2011, Ac. XEC do 7 de abril de 2011).

Non obstante, é doctrina reiterada da Xunta Electoral Central que as administracións públicas no período electoral poden continuar co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas*: «El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas»* (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

O inicio do período electoral "*no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvaguarda del interés público o para o correcto desenvolvemento de los servicios públicos"* (Ac. XEC do 10 de maio de 2011), e tampouco impide a información sempre que se limite estritamente a proporcionar aquela que sexa de interese xeral (Ac. XEC do

14 de abril de 2011) ou que sexa útil, carente de valoracións electoralistas e enmarcada dentro dunha campaña informativa específica (Ac. XEC do 16 de maio de 2019).

Neste caso, nin na denuncia na que se refire un encontro de altos cargos da Xunta de Galicia con entidades veciñais do concello de Gondomar, nin na publicación que se achega na que se da conta dese encontro, se aprecian connotacións electoralistas nin campaña de logros que poidan incardinarse na prohibición que establece o artigo 50.2 da LOREG.

O acto denunciado correspóndese máis ben cunha actuación ordinaria da Administración autonómica, desprovista de contido electoralista, prevalecendo no conxunto do texto da citada publicación, información obxectiva relacionada con determinadas liñas de subvencións.

En consecuencia,

ACORDA

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 16:00 horas do próximo día 30 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal